

**MOBILIDADE FUNCIONAL DOS PROFISIONAIS.**- A C.I.G. a respecto deste documento, unha vez que tivemos coñecemento do primeiro borrador fixo chegar á Dirección, con data 26 de Xaneiro, a súa posición co seguinte texto:

**De consolidarse o peche da quenda de noite, evidentemente este colectivo veríase afectado, por elo e tendo en conta o interese de ámbalas partes en evitar saídas traumáticas, e sendo conscientes que poría en risco a profesionalización, consideramos imprescindible:**

1º.-Rescate de aquelas actividades propias destes servizos de mantemento que na actualidade están externalizados para permitir un menor impacto.

2º.-Sobre os criterios expostos no documento, mantemos a nosa discrepancia, xa exposta na negociación colectiva, onde na entrevista individual, (agora obrigatoria), veñen contemplados conceptos subxectivos nos que o entrevistador determina o grao de competencia, á marxe da categoría recoñecida. **Para a C.I.G., a cualificación profesional vén dada pola posta en práctica no traballo da formación recibida e non por facer máis ou menos suxestións... (por exemplo).**

3º.-En coherencia, nestes posibles cambios deben ser respectadas as categorías e antigüidade na mesma.

4º.-Seguir optando ós cursos de formación continua da súa especialidade.

5º.-Esta mobilidade funcional dos profesionais de oficio, será sempre dentro doutras actividades superiores ó nivel 8.

6º.-Entenderíanse estes cambios como conxunturais. Na medida que se produzan vacantes nestes talleres, estes traballadores/as terían preferencia a reincorporarse na súa actividade profesional.

Valorado o último documento borrador que a Dirección deu como definitivo o pasado día 6 de Marzo, unilateralmente, **debemos manifestar a nosa posición contraria á sinatura do mesmo** por non contemplar puntos que a C.I.G. considera irrenunciabes para garantir a non perda deste capital humano.

Na C.I.G., apesares de que este documento foi asinado pola maioría do Comité (SIT e UGT) manteremos unha xuntanza coa outra central non asinante para estudar as posibles medidas a adoptar.

**AXUDAS PÚBLICAS.**- A Empresa fai unha exposición pormenorizada das posibles axudas a corto prazo por parte da Administración, así como outras inversións previstas para o período 2009/2012, e que deixarían a planta en primeira liña cara novos proxectos.

A C.I.G. espera que estas inversións vaian destinadas para programas de desenvolvementos técnicos e non para a amortización de postos de traballo.